

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A BAÑA

*Concurso de disfraces de Entroido 2024 no Concello da Baña*

#### ANUNCIO

A Alcaldía con data 15 de xaneiro de 2024 ditou, entre outros, o Decreto nº 24/2024 que deseguido se transcribe:

**Asunto: Concurso de disfraces de Entroido 2024 no Concello da Baña.**

**Expte. TEDEC: 2024/D004/000001 (Actividades Culturais e Deportivas).**

**Expte. TEDEC: 2024/G003/000015 (Decreto).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto o artigo 25.2, nos seus apartados l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante os que os municipios exercerán en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de ocupación do tempo libre e promoción da cultura.

Visto que os concellos son competentes para a promoción da cultura no seu municipio e que deben entenderse incluídas todo tipo de manifestacións culturais desenvolvidas no ámbito local, en senso amplo, incluídas as festas populares propias de cada localidade en base á normativa vixente no ámbito cultural en conexión co principio de autonomía local.

Vista a ampla importancia da festividade do Entroido no Concello da Baña, que se ven desenvolvendo ano tras ano durante décadas.

Vista a necesidade de dotar á festividade do Entroido dunhas bases reguladoras do concurso que establezan as normas básicas que o regulen.

Visto o réxime de publicación dos actos administrativos de carácter xeral ou que teñan por destinatarios a unha pluralidade indeterminada de persoas recollido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Visto que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente na partida 334.22609 do orzamento de 2024, para facer fronte ós gastos ligados ó Entroido 2024, nomeadamente ó importe correspondente ós premios que figuran nas bases anexas ó presente decreto, que suman un total de 3.350,00 €.

Vistas as bases do concurso propostas polo departamento de Cultura deste Concello.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, i en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro.** Aprobar as Bases que regulan as normas de participación para o desfile de comparsas, carrozas e disfraces individuais co gallo do Entroido, cuxa celebración está prevista para o día 17 de febreiro de 2024, e que se incorporarán como anexo á presente Resolución.

**Segundo.** Aprobar a autorización do gasto na partida 334.22609 do orzamento de 2024, correspondente aos premios establecidos para as distintas categorías, que de seguido se especifican, que suman un total de 3.350,00 €.

CATEGORÍAS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
CARROZA	900 €	400 €	150 €
COMPARSA	900 €	400 €	150 €
GRUPO	150 €	100€	
INDIVIDUAL	100 €	60€	40€

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación aos terceiros interesados.

Mándaos e asínaos o señor alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu Secretario- interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe”.

A Baña, 16 de xaneiro de 2024

O alcalde, José Antonio Pereira Gil

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**ANEXO I - ENTROIDO 2024 CONCELLO DA BAÑA****Bases do Concurso de disfraces**

O Concello da Baña organiza o 17 de febreiro do 2024 o Concurso de disfraces de Entroido, que se rexerá polas seguintes bases:

- I. As persoas participantes deberán anotarse como data máxima o 14 de febreiro. O formulario de inscrición pode presentarse telematicamente a través da sede electrónica do Concello da Baña (neste enlace) ou presencialmente no Rexistro Xeral.
- II. As persoas participantes menores de idade achegarán unha autorización de participación asinada pola nai, pai ou titor/a.
- III. O concurso celebrarase o sábado 17 de febreiro, a partir das 16:30 horas, nas rúas Castelao e Tedelle.
- IV. O tempo máximo de exposición e actuación diante da escola de música Emilio Andújar será de 5 minutos.

V. Outorgaranse premios polas seguintes categorías:

CATEGORÍAS	1ºPREMIO	2ºPREMIO	3º PREMIO
CARROZA	900€	400€	150€
COMPARSA	900€	400€	150€
GRUPO	150€	100€	
INDIVIDUAL	100€	60€	40€

- VI. Os grupos estarán formados por un mínimo de 2 e un máximo de 6 persoas para poder participar e representarán todas un mesmo motivo. Deben designar a un voceiro/a que represente á formación.
- VII. As comparsas terán polo menos 7 membros para poder participar e representarán todos e todas un mesmo motivo. Deben designar a un voceiro/a que represente á formación.
- VIII. As carrozas contarán cun mínimo de 7 persoas, e todas elas, ou unha parte, terán que desfilar enriba dun móbil. Deben designar a un voceiro/a.
- IX. As persoas participantes soamente o poderán facer nunha única categoría. As únicas categorías susceptibles de participar en varias á vez serán carroza e comparsa, sempre e cando respecten as indicacións expresadas para cada categoría.
- X. A selección das gañadores realizarase por proposta dun xurado composto por persoas alleas ao Concello da Baña.
- XI. Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado valorará:
  - Comparsas, carrozas e grupos:
    - Vestiario e maquillaxe (traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo): 1 a 5 puntos
    - Orixinalidade: 1 a 5 puntos
    - Posta en escena: 1 a 5 puntos
    - Involucrar ao público: 1 a 5 puntos
  - Disfrace individual :
    - Vestiario e maquillaxe (traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo): 1 a 5 puntos
    - Orixinalidade: 1 a 5 puntos
    - Posta en escena: 1 a 5 puntos
    - Involucrar ao público: 1 a 5 puntos
- XII. O Concello da Baña resérvase o dereito para a captación e difusión das imaxes do concurso para fins de publicidade e promoción en prensa, na páxina web e redes sociais municipais. A utilización das fotos e vídeos estará suxeita exclusivamente a un uso informativo nunca comercial. Coa realización da inscrición o participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas. Todos os dereitos de imaxe pertencen ao organizador (Concello da Baña).
- XIII. O Concello da Baña solicitará un número de conta ós representantes dos concursantes ou persoas que resulten gañadores dalgunha categoría co fin de efectuar o pago do premio.

XIV. Os premios que puideran outorgarse, tanto a persoas físicas participantes a título individual como as integrantes dunha entidade do artigo 8.3 da Ley do Imposto, estarán suxeitos a retención a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas ó tipo do 19 por cento, sempre que a súa base de retención sexa superior a 300 euros, tal como resulta do disposto no 101.7 da mesma lei e nos artigos 75 e 99 do seu Regulamento, aprobado polo real Decreto 439/2007, do 30 de marzo.

XV. A decisión do xurado é inapelable.

XVI. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.

XVII. O Concello da Baña reserva o dereito a modificar ditas bases, sempre que sexa necesario.

2024/302